

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 20.10.2023 e que literalmente di :

"Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Recibidas do concelleiro de Cultura as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 35 da Lei 39/2015.

Antecedentes

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas, aprobado definitivamente polo Concello Pleno o pasado 27.04.2023 e publicado no BOP núm. 86 de 08.05.2023, figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario : **SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF G15038318**

Importe: **10.000 €**

Obxecto da subvención: **realización de diversas actividades culturais**

Segundo.- Achégase proxecto de convenio informado polo xefe de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo segundo modelo aprobado por resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas de data 26.02.2018.

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, 21 de outubro de 2019).
- Bases de execución do orzamento municipal.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público

Consideracións

O acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

O convenio proposto axústase ao modelo aprobado en data 26.02.2018.

Visto canto antecede, e ao abeiro do artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propónse ó concelleiro de Cultura, a aprobación do seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF para a realización de diversas actividades culturais por importe de 10.000 €.

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa a beneficiaria que se indica co seguinte detalle

- Beneficiario: **SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF G15038318**
- Obxecto da subvención: **realización de diversas actividades culturais**
- Importe: **10.000 €**
- Partida: **05101 3341 48000**
- Doc Contable: **Nº Operación: 223101193 Ref: 620**
- Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito

ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordado, polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.

O punto cuarto anterior, refírese única e exclusivamente ás subvencións concedidas pola Concellería de Cultura”

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF para realización de diversas actividades culturais por importe de 10.000 €

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle

Beneficiario: **SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF G15038318**

Obxecto da subvención: **realización de diversas actividades culturais**

Importe: **10.000 €**

Partida: **05101 3341 48000**

Doc Contable: **Nº Operación: 223101193 Ref: 620**

Outras características:

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións. .

CUARTO.- Notificar ao SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA SAF a **Resolución comunicando** que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 31.12.2023.

Ferrol,

Dou fe,
O secretario xeral